



Plataforma Galega de información ambiental

INFORME ESTATÍSTICO 2021 DE INFORMACIÓN AMBIENTAL



**XUNTA
DE GALICIA**

INTRODUCCIÓN

A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE, as cales supoñen, basicamente, a adecuación do dereito comunitario ao Convenio de [Aarhus](#), sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, feito en [Aarhus](#) /Dinamarca), o 25 de xuño de 1998 (Instrumento de Ratificación por España publicado no BOE/BOE núm. 40, do 16 de febreiro de 2005).

A disposición adicional oitava da Lei 27/2006 establece que as Administracións Públicas elaborarán e publicarán información periódica de carácter estatístico sobre as solicitudes de información ambiental recibidas.

No marco deste precepto legal, elabórase o Informe correspondente á anualidade de 2021.

Na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda hai unha unidade responsable da información ambiental, tal e como se recolle no artigo 5.3.a) da Lei 27/2006. Con todo, tamén chegan consultas a outros departamentos cuxa temática é específica deles e que se incorporan a este informe.

Así mesmo, preséntanse os datos das Queixas de carácter ambiental achegadas por particulares, principalmente.

I) ACCESO Á INFORMACIÓN PREVIA SOLICITUDE

Durante o ano 2021 tramitáronse un total de 6.557 solicitudes en toda a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático das que 1.087 foron atendidas desde a unidade de Información Ambiental

A continuación pasamos a analízalas segundo a temática, o medio de consulta e o perfil do solicitante.


I.1- Solicitudes por área temática

a) Unidade de información ambiental

Atendendo aos distintos temas obxecto de información ambiental, as solicitudes clasifícanse segundo as áreas que se indican na seguinte gráfica.

Calidade ambiental é a que sustenta a maioría das solicitudes (63%) e séguelle en importancia a de Información meteorolóxica (17,8%), como se mostra na gráfica e no cadro anexo ao final deste informe.


Porcentaxe de solicitudes segundo a área temática



Cada área temática subdivídese en subáreas. Destaca Resíduos cun 51% do total das solicitudes; séguenlle as relacionadas cos Informes meteorolóxicos (preto do 10%) e cos Datos meteorolóxicos (7,3%).

Na seguinte gráfica amósase o número de solicitudes segundo a subárea (as columnas do mesmo color correspóndense con subáreas que pertencen a unha mesma área):

Número de solicitudes segundo á subárea




b) Noutros departamentos, as áreas temáticas son as específicas das súas competencias.

I.2- Solicitudes de información ambiental segundo o medio de consulta

a) Unidade de Información Ambiental

O teléfono segue sendo o medio preferido de petición de información, representando preto do 69% do total das solicitudes, seguido polo portal GaIA cun 17% e, xa en menor medida, as recibidas polas restantes canles.

Número e porcentaxe de solicitudes segundo a canle



b) En canto ás solicitudes que chegan a outros departamentos, a preferencia é o correo electrónico.


Canle Tema	SubdX. Residuos	SubdX. Meteoroloxía e Cambio Climático			SubdX. Avaliación Ambiental
	Residuos	Contaminación atmosférica	Cambio Climático	Ruido	Solos contaminados
Correo postal	0	0	0	0	0
Correo electrónico	2509	1036	4	6	44
Presencial	0	6	0	0	0
Sede electrónica	132	141	0	6	3
Teléfono	-	1363	3	14	203
TOTAL	2641	2546	7	26	250

I.3- Solicitudes de información segundo o perfil do solicitante

a) Na unidade de Información Ambiental, obsérvase que máis do 58% proceden de empresas, un 26% de particulares e un 10% de administracións e, en menor medida, de asociacións e de ensino (outros)

	Número solicitudes
Administración	114
Asociación /Fundación	32
Empresa	634
Outros	26
Particular	281
TOTAL	1087


Porcentaxe de solicitudes segundo o perfil do solicitante



b) No caso doutros departamentos, os solicitantes predominantemente son empresas, con excepción da área de Cambio climático e de Ruido nas que imperan as consultas das administracións.

Perfil solíc. Subárea	SubdX. Residuos		SubdX. Meteoroloxía e Cambio Climático						SubdX. Avaliación Ambiental	
	Residuos		Contaminación atmosférica		Cambio climático		Ruido		Solos contaminados	
	Núm. Solíc.	%	Núm. Solíc.	%	Núm. Solíc.	%	Núm. Solíc.	%	Núm. Solíc.	%
Administración	176	6,66	198	7,78	7	100,00	10	38,46	2	0,80
Asociación /Fundación	7	0,27	3	0,12	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Empresa	2438	92,31	2322	91,20	0	0,00	8	30,77	248	99,20
Particular	20	0,76	23	0,90	0	0,00	8	30,77	0	0,00
TOTAL	2641	100	2546	100	7	100	26	100	250	100

Porcentaxe de solicitudes segundo o perfil do solicitante



I.4- Prazo de contestación segundo o artigo 10,2,c) da ley 27/2006

a) Na unidade de Información Ambiental: o 95% das solicitudes foron contestadas dentro do prazo legal dun mes.

Descrición	Nº solicitudes
Contestadas dentro de prazo (1 mes)	1034
Contestadas fóra de prazo	30
Non contestadas	23
Total	1087

b) Noutros departamentos: o 98% das solicitudes, en conxunto, se contestaron antes dun mes.

	SubdX. Residuos	SubdX. Meteoroloxía e Cambio Climático			SubdX. Avaliación Ambiental
Descrición	Residuos	Contaminación atmosférica	Cambio climático	Ruído	Solos contaminados
Contestadas dentro de prazo (1 mes)	2640	2455	7	24	250
Contestadas fóra de prazo	1	75	0	1	0
Non contestadas	0	16	0	1	0
Total	2641	2546	7	26	250

II) QUEIXAS

Na unidade de Información Ambiental atendéronse 70 queixas, das que o 76% corresponden a particulares, o 16% a empresas e as restantes están repartidas entre asociacións, ensino e administracións.

Perfil solicitante	Número	%
Administración	1	1,4%
Asociación /Fundación	2	2,9%
Empresa	11	15,7%
Particular	53	75,7%
Outros	3	4,3%
TOTAL	70	100,0%

A principal canle de entrada das queixas foi o teléfono (71%) seguido da sede electrónica (13%)

Canle	Número	%
Correo electrónico	5	7,1
Correo postal	1	1,4
Portal GalA	5	7,1
Sede electrónica	9	12,9
Teléfono	50	71,4
TOTAL	70	100

En canto á temática das queixas, o 63% estaban relacionadas coa Calidade ambiental (en concreto con residuos, ruído e contaminación atmosférica).

Área	Canle de entrada					Total queixas	% queixas
	Correo electrónico	Correo postal	Portal GalA	Sede electrónica	Teléfono		
Calidade ambiental	1	1	1	9	32	44	62,9%
Augas	0	0	0	0	2	2	2,9%
Conservación da natureza	0	0	2	0	5	7	10,0%
Forestais	3	0	1	0	2	6	8,6%
Cambio climático	0	0	1	0	2	3	4,3%
Outras	1	0	0	0	7	8	11,4%
TOTAL	5	1	5	9	50	70	100,0%

CADRO ESTATÍSTICO DE SOLICITUDES DA UNIDADE DE INFORMACIÓN AMBIENTAL- ANO 2021

		Medio de consulta						
Área	Subárea	Correo postal	Correo electrónico	Portal GalA	Presencial	Sede electrónica	Teléfono	Total
Calidade ambiental	Autorización ambiental integrada – IPPC	0	0	0	2	4	1	7
	Contaminación atmosférica	0	11	3	0	2	22	38
	Contaminación solos	0	6	9	0	4	8	27
	Avaliación ambiental	0	0	4	0	10	31	45
	Intervención ambiental	0	0	2	0	1	3	6
	Residuos	0	25	44	0	26	460	555
	Sistemas de calidade ambiental	0	0	0	0	0	7	7
	Ruido	0	3	0	0	0	3	6
Formación e divulgación ambiental		0	1	3	0	1	4	9
Cambio Climático		0	1	1	0	0	5	7
Augas		0	0	3	0	3	11	20
Costas		0	0	0	0	0	1	1
Organismos modificados genéticamente		0	0	0	0	0	0	0
Conservación da natureza	Caza e Pesca	0	1	2	0	0	10	13
	Espazos protexidos	0	1	1	0	0	4	6
	Flora e Fauna	0	1	4	0	0	11	16
Enerxía		0	1	0	1	0	5	7
Forestais		0	1	1	0	0	9	11
Información meteorolóxica	Datos meteorolóxicos	0	1	30	0	0	48	79
	Informes meteorolóxicos (taxas)	3	0	57	0	33	13	106
	Datos de modelos numéricos	0	0	8	0	0	0	8
Información administrativa	Axudas e subvencións	0	0	1	0	1	18	20
	Información xeral	0	0	4	0	2	36	42
Outras		0	2	10	0	1	38	51
TOTAL		3	55	187	3	88	748	1087